

Con anterioridade os presidentes do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña foron:

1989-1994 JOSÉ ANTONIO SOMALO GIMÉNEZ

Naceu en Madrid o 12 de maio de 1929. Ingresou na carreira xudicial no ano 1957 e exerceu como xuíz en Castela, Cataluña e Mallorca. Somalo foi Maxistrado de Traballo en Barcelona no ano 1966. No ano 1988 foi nomeado maxistrado do Tribunal Supremo e presidente da Audiencia Territorial de Barcelona. Foi o primeiro presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, dende 1989 ata 1994 cando se incorporou á Sala IV, que trata os asuntos laborais e de seguridade social, do Tribunal Supremo. Dende xaneiro do 2000 é defensor do cliente das Caixas de Aforros Catalás.

1994-2004 GUILLEM VIDAL ANDREU

Guillem Vidal i Andreu naceu en Palma de Mallorca o 29 de outubro de 1941. En 1960 trasladouse a Barcelona para levar a cabo os seus estudos universitarios de Dereito. En 1965 gañou as oposicións a xuíz e continuou a tradición familiar xa que o seu pai tamén era maxistrado. O seu primeiro destino foi en Mahón onde estivo tres anos. En 1970 exerceu en Sabadell durante nove anos. En 1979 volveu a Palma de Mallorca onde foi primeiro ao Xulgado de Instrución número 3 e despois pasou á Audiencia de Palma. E no ano 1987 foi nomeado presidente da Audiencia de Palma sendo presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña durante 10 anos, do 1994 ao 2004. Morreu en Palma de Mallorca o 23 de marzo de 2007.

2004-2010 M^a EUGÈNIA ALEGRET BURGUÉS

M^a Eugènia Alegret Burgués naceu en Barcelona o 22 de marzo de 1956. No ano 1978 licenciouse en Dereito pola Universidade de Barcelona e ingresou na carreira xudicial por oposición no ano 1980. Exerceu como Xuíza en Lorca, Fraga e Sant Feliu de Llobregat. No ano 1983 alcanzou a categoría de Maxistrada e traballou en Baracaldo, Terrassa, e no Xulgado de Primeira Instancia número 8 de Barcelona. No ano 1991 comezou a exercer na Audiencia de Barcelona e foi presidenta dunha das súas seccións civís, e en setembro de 2004 foi escollida presidenta do TSXC. Dende o momento da súa elección converteuse na primeira muller que preside un Tribunal Superior de Xustiza.

2010-2016 MIGUEL ÁNGEL GIMENO JUBERO